

BASES NOROESTE POP – ROCK 2014
SELECCIÓN DE 4 GRUPOS TELONEIROS NO NPR 2014

1. INSCRICIÓN

Poderán participar na selección todos os grupos musicais que efectuasen a súa inscrición a través dun email no enderezo de correo electrónico **imce@coruna.es** ou nas **oficinas** do IMCE (avda. da Mariña, 18, edificio Casa Paredes, 15001 A Coruña) antes das 13.30 horas do día 2 de xuño de 2014 e que cumpran os seguintes requisitos:

- Cando menos a metade dos membros do grupo deben estar empadroados/as nun concello galego desde o 1 de xuño de 2013.
- Polo menos o 50% das composicións han de ser orixinais do grupo.
- Cada participante poderá presentar unha única solicitude, en calquera idioma.
- Ningún dos grupos pode ter sido seleccionado para actuar nos concertos do Festival Noroeste Pop – Rock nas edicións de 2012 e 2013.
- Achegar, xunto coa solicitude:
 - o Maqueta en soporte físico con catro cancións ou o enlace URL onde estean aloxadas, cando menos, catro cancións do grupo. Aceptaranse enlaces a Myspace, Facebook, Last.fm, Bandcamp, SoundCloud..., que permitan a súa descarga.
 - o Nome do grupo, nome, apelidos e fotocopia do DNI dos/as compoñentes do grupo.
 - o Teléfono, enderezo de correo electrónico e nome da persoa de contacto.
 - o Nome das cancións incluídas na maqueta e nome dos compositores.
 - o Listaxe de canles e plano do escenario.
 - o Breve biografía do grupo.
 - o Dossier fotográfico (arquivos imaxe: Jpeg).
- Os dereitos de interpretación e autoría encóntranse en posesión dos artistas presentados ao proceso de selección e ceden os seus dereitos para a difusión e reprodución durante a propia competición e para seren reproducidos a través da internet, así como con carácter promocional en radio e televisión. A

organización queda eximida de calquera responsabilidade fronte a reclamacións de terceiros e os artistas asumen a súa propia responsabilidade.

- Excluirase do concurso a aqueles grupos que, ao finalizar o prazo sinalado, non achegasen na súa totalidade os requisitos esixidos.

2. XURADO

O xurado estará composto polo presidente, alcalde do Concello da Coruña ou persoa en quen delegar, un mínimo de cinco persoas vinculadas coa programación ou difusión da música e o secretario xeral do Concello da Coruña ou a persoa en quen este delegar, que redactará a acta.

3. FASES

Fase 1: Preselección. O xurado reunirse para escoitar os traballos presentados e preseleccionará, de entre os participantes, dezaseis grupos que participarán na fase 2.

Fase 2: Selección. Os días 6, 13, 27 e 28 de xuño, farase a selección final, cunha actuación en directo dos grupos preseleccionados, na sala O Túnel (Coliséum).

A orde das actuacións en cada unha das datas establecerase mediante sorteo, que se realizará antes das probas de son. Cada grupo actuará trinta minutos e o backline será o mesmo para todos os participantes.

Os concertos contarán cun presentador ou presentadora que, ademais de amenizar os intervalos entre grupo e grupo, se encargará de facer público o nome dos grupos finalistas de cada xornada.

A duración total prevista de cada concerto será de dúas horas e tres cuartos.

Desta selección, elixiranse os catro grupos que actuarán en directo no Noroeste Pop Rock, que se celebrará na praia de Riazor os días 8 e 9 de agosto de 2014.

O xurado, para a selección, terá en conta o voto público, recollido na sala O Túnel os días de selección citados.

O día 8 de agosto actuarán no Noroeste Pop Rock os gañadores das finais dos días 6 e 13 de xuño. Tendo en conta a puntuación final obtida en cada unha desas finais, o segundo clasificado actuará ás 21.00 horas e o primeiro clasificado ás 22.00 horas.

O día 9 de agosto, actuarán no Noroeste Pop Rock os gañadores das finais dos días 27 e 28 de xuño. Tendo en conta a puntuación final obtida en cada unha desas finais, o segundo clasificado actuará ás 21.00 horas e o primeiro clasificado ás 22.00 horas.

A actuación dos grupos clasificados será de 45 minutos.

A organización do concurso porá á disposición dos grupos participantes para o día das actuacións o escenario e os equipos de son e iluminación. A organización fixará o horario de probas de son de cada grupo.

4. COMPENSACIÓN ECONÓMICA

Os dous primeiros clasificados cobrarán pola súa actuación 2.000,00 €, IVE incluído; e os dous segundos clasificados cobrarán pola súa actuación 1.500,00 €, IVE incluído, sempre baixo a presentación das facturas correspondentes.

5. ACEPTACIÓN

A inscrición no concurso levará implícita a aceptación das presentes bases e autoriza a organización a difundir, con fins non comerciais, imaxes e reprodución dos concertos do Festival Noroeste Pop Rock e dos temas enviados ao concurso en posibles vídeos de promoción das festas organizadas polo IMCE.